

**Reflexi3n sobre**



**Instrucci3n directa**

**e**



**Aprendizaje  
Baseado en  
Proyectos**

**Vantajes e  
inconvenientes**



**Vantaxes e  
inconvenientes**

## INSTRUCCION DIRECTA

É unha acción docente rápida, sen intermediarios. En aparencia ten máis naturalidade. Na vida cotiá estamos cheos de instrucións



Moitas explicacións non as asimilamos porque non lle vemos sentido ou porque non encaixa cos nosos intereses ou porque carecemos dunha bagaxe previa e non conectamos cos contidos. Que a comunicación sexa directa ou rápida non quere dicir que chegue do emisor ao receptor.



## INSTRUCCION DIRECTA



Hai materias nas que é difícil unha formulación diferente á da instrución directa porque o punto do que se parte é máis abstracto. Sempre hai unha parte na que é imprescindible a explicación directa. Pensemos en moitas das explicacións de conceptos matemáticos



O recurso da explicación directa sen unha reflexión previa da cuestión ou o concepto a analizar conduce a aprendizaxe ao terreo das respostas mecánicas, escasamente creativas, caendo moitas veces no reduccionismo e a falta de conexión con outros conceptos.

## INSTRUCCIÓN DIRECTA

Si o profesor ou a profesora comunican ben o alumnado aprende. Todos coñecemos magníficos profesores que practican a lección maxistral e logran enganchar cunha parte significativa do auditorio. Chegar a todos é imposible en calquera metodoloxía.



O sistema tradicional non atende a diversidade. Hai moitos ritmos de aprendizaxe e o discurso da instrución directa homoxeniza ao alumnado baixo unhas determinadas características. O que non se axusta é excluído.



## INSTRUCCIÓN DIRECTA

Os temarios tan abultados que temos no sistema de ensino ao final abocan ao docente a empregar a instrución directa porque o emprego de metodoloxías alternativas fai o proceso máis lento e laborioso.



Impartir todo o temario ou ir de acordo coa programación non significa que o alumnado teña os coñecementos ben asentados. Máis ben tírase para adiante. De feito, neste escenario é frecuente que os coñecementos, adquiridos de calquera xeito, se esquezan unha vez superada a proba.



## INSTRUCCION DIRECTA

As probas de avaliación tipo Selectividade ou Acceso a Ciclos seguen estando mediatizadas pola instrución directa. Ao final estas probas condiciónan moito a labor docente.



A instrución directa é pouco efectiva nas probas PISA e non serve para as novas necesidades da sociedade do coñecemento. Doutra banda, a metodoloxía unidireccional que a impregna non serve para o mundo real onde domina o traballo en equipo e interdisciplinar.



## INSTRUCCION DIRECTA



As instalacións, a disposición das mesas e cadeiras na clase, os recursos no aula, os horarios, todo segue estando estruturado para desenvolver a instrución directa. As innovacións desnaturalízanse nese contexto polo que ao final o docente remata no mesmo escenario metodolóxico



A disposición dos recursos impiden a interacción, o diálogo entre iguais, o acceso a fontes diferentes de información no que o alumno teña que buscar, seleccionar, ordenar. É un sistema no que dificilmente poderase avaliar moitas das competencias esixidas na lei.



## INSTRUCCION DIRECTA

Occidente aprendeu durante séculos con este sistema docente que estrutura e compartimenta a realidade. Este mecanicismo é moi difícil de superar e o cambio de paradigma ponnos nerviosos aos docentes e, nun principio, ata ás familias, formateadas nese mesmo sistema: é mellor malo coñecido que bo por coñecer



O inmovilismo educativo estanca a unha sociedade. O paradigma educativo ten que integrar a complexidade e a transversalidade.

Hoxe predomina a incerteza polo que o pensamento tórnase máis crítico e sistémico. A instrución directa impide ver esa riqueza, simplifica a realidade.





**ABP**

**Vantaxes e  
inconvenientes**

ABP

Unha metodoloxía de aprendizaxe que mostra que o verdadeiro coñecemento se produce cando propoñemos ao alumnado retos ou problemas nos que é inevitable a súa implicación. Non se aprende do que che din senón do que fas. Aprendes facendo

Aínda recoñecendo que a motivación será maior que no sistema tradicional non sempre os retos ou os problemas serán do interese do cento por cento do alumnado. Doutra banda, si non se traballa ben o proceso a sensación de desorientación pode ser alta.

ABP

Un sistema metodolóxico que permite calibrar mellor o logro das competencias educativas. Son actividades variadas, de razoamento, de procura, investigación, estruturación e presentación dun produto final. Require destrezas diferentes. Acabouse o repetitivo

Falamos de procesos cognitivos de rango superior. O alumnado que ten máis dificultades aínda que enganche no interese polo problema inicial pode perdelo en canto se atope na fase de documentación e indagación ou máis tarde no momento de presentalo nunha secuencia lóxica

ABP

Unha metodoloxía de aprendizaxe que se adapta mellor á complexidade do mundo real permitindo a colaboración interdisciplinar. Desaparecen os compartimentos estancos na aprendizaxe, á fin e ao cabo cando botamos unha ollada pola fiestra todas as disciplinas aparecen mesturadas



Require dunha boa planificación e dunha boa achega de materiais e fontes de documentación para que o alumnado non se senta perdido. Moitos dos conceptos aos que se enfrontará na súa investigación poden superarlle no seu desenvolvemento cognitivo



ABP

Fomenta o traballo colaborativo entre o alumnado. O profesorado pasa a ser un coordinador, un supervisor. Desaparece o rol de profesor como única fonte do saber



Hai que saber manexar os grupos cooperativos. Require unha formación específica de estratexias para configuralos ben, para realizar actividades de cooperación nas que participen todos e para que poidan ser avaliados correctamente. Non é tan fácil.



ABP

O traballo colaborativo entre o alumnado mellora a convivencia no grupo e permite atender mellor a diversidade



Hai que facer unha boa pedagogía do traballo colaborativo antes de levalo a cabo. O alumnado máis autónomo desconfía da eficacia do método e de poder traballar xunto a alguén do que ten un mal concepto. Superar a desconfianza leva tempo e hai que saber facelo.

ABP

Permite e fai imprescindible o uso das TICs, pero coa finalidade de buscar, seleccionar, ordenar ou presentar. Non é utilizar as TICs como libro de texto ou encerado. Estamos ante unha aprendizaxe activa que ensambla todos os antigos paradigmas: aprendizaxe por descubrimento, por problemas

Aínda que se avanzou na presenza dos recursos TICs o seu uso non está xeneralizado e atopámonos coa necesidade de seguir formando ao profesorado para que lle perda o medo e sobre todo saiba que facer con eles.



ABP

É un modelo no que o importante é o propio proceso aínda que sempre debe acabar nun produto que se fará público ao exterior a través dun blog, periódico escolar, dossier. Superar o marco do aula. Presentalo á comunidade educativa, a outros compañeiros, compartilo. Aprender a expoñer un traballo en público.

Require estar innovando constantemente e renovando os proxectos cada ano. Un traballo por proxectos ben feito, ben pensado, atractivo leva tempo.

ABP

Fai necesario transformar o currículo establecido. Debemos saber seleccionar aqueles temas que son relevantes e que poidan ser tratados de forma interdisciplinar



Aínda que poden ser accións individuais, un cambio significativo na metodoloxía necesitaría dun forte consenso no claustro. Require unha implicación que non sempre é compartida.



ABP

A satisfacción do docente é maior que na instrución directa porque este método obriga a todos a traballar nunha investigación. É un proceso máis aberto, unha aventura, un reto.



Hai que planificar ben todas as fases e as actividades do produto final porque pola contra convértese nun conxunto de procuras, lecturas, documentos que non sempre quedan ben relacionados.



ABP

A avaliación é máis profunda e cualitativa. Máis rica en matices. Non só avaliamos o resultado senón tamén o proceso. Involucramos ao alumnado no proceso de autoavaliación



Necesitas unha boa rúbrica e un seguimento moi próximo para poder avaliar ben. Como se establece a recuperación no caso de suspender o proxecto?



ABP

Aproxímase máis ao desenvolvemento das destrezas que se pide nas probas PISA



Non se adapta ben aos requerimientos da Selectividade ou o acceso a Ciclos



# **Reflexión sobre el Aprendizaje Basado en Proyectos e la Instrucción Directa**

Humberto Martínez Gargamala  
Charo Sánchez-Gabriel

